

## A CATEDRAL DO RURAL.

Hai uns días iniciáronse as obras de rehabilitación e conservación co orzamento da Xunta de Galiza, Consellería de Cultura, na que no seu día foi definida polo mestre Filgueira Valverde, como "A Catedral do Rural", estamos logo a falar da igrexa de San Xiao de Ventosa (Agolada) posiblemente a súa fábrica data do final do século XII, e principios do XIII.

Traballos que complementan os iniciados no ano dous mil e que pretenden poñer en valor o románico desta xoia e facer limpeza no exterior, muros e tellado danados polo paso do tempo.

Para moitos, este descoñecido templo e unha impáctante sorpresa xa que esta igrexa agocha no seu interior un tesouro de incalculable valor en forma de pinturas murales; frescos cuxa reconstrución resulta sumamente interesante combinándose cos frescos posteriores do século XVI e os que dende mediados do XIV, permanecían tapados pola cal tan común nas nosas igrexas como medida sanitaria para combater a expansión da chamada peste negra, que asolou o País, así como o sepulcro en pedra do Abade Lope de Ventosa, para algúns entendidos, crego de Santiago e para outros descendente da familia dos Ulloa de Monterroso e dende logo os seus famosos Baldaquinos.

Por Baldaquino defínese literalmente un dosel ou palio, unha especie de pavillón que cubría o altar maior das igrexas, por iso os entendidos na materia cando nos falan dos baldaquinos da igrexa de ventosa, xa nos advirten que aínda que na actualidade os podemos admirar apoiados nas paredes laterais, no seu orixe estarían separando o altar sagrado da nave onde se situaba a xente do pobo e nas diversas reformas que o longo dos séculos sufriu o templo, foi trasladado ó seu emprazamento actual.

Tal e como nos conta Luz Méndez, no seu libro "Toponimia de Agolada", o topónimo Ventosa ten unha longa historia.

Ventosa foi unha xurisdición medieval dende moi cedo, cunha intensa actividade mercantil, mesmo nos tempos da prehistoria como poñen de relevo os numerosos restos arqueolóxicos atopados, testemuñas daquela época castrexa; petróglifos, castros, mámoas espraiaados polas terras da parroquia, o que indica a existencia dunha nutrida poboación que se mantivo ata ben entrada a Idade Media.

Inicialmente no antigo réxime formaban parte dela, as parroquias de Baiiña, Espérante, Ferreiroa, Gorgueira, Lamas (Trabancas), Merlin, Val, San Paio de Baias, Santa Comba e Vilariño todas elas baixo o dominio do Arcebispado de Santiago de Compostela.

As primeiras mencións a vila xa se poden ler en documentación escrito do século VIII.

Pola tradición oral, coñecemos que existiu unha igrexa no lugar coñecido como Os Chaos de San Xiao, lugar onde aínda hoxe podemos atopar escavada en pedra unha curiosa tumba antropomorfa.

Posiblemente estamos nun dos lugares mais antigos de Agolada, fundada polo bispo Odoario, no século VIII, onde se situaría aquela ermida da que non hai restos na actualidade.

Do que si existe constancia pola documentación atopada datada no ano 955, é da existencia de dúas igrexas, unha baixo a advocación Sancti Iuliani e outra Sancte Marie, aínda que na actualidade sexa San Xiao, durante anos a súa denominación foi a de ; Santa María de San Xulián de Ventosa."In territorio de Ventosa unha vila coas igrexas da advocación de Santa Maria e San Xiao.."

Para algúns autores esta actual igrexa de San Xiao, sería unha daquelas traída dende os Chaos, pedra a pedra, no século XII.

A primeira mención documentada data do ano 952, nun documento no que Ordoño III, fai dotación a igrexa compostelán e o seu bispo Sisnando II das terras do que denominan condado ventosino. A finalidade desta donación era a de dar sustento os cregos que se ocupaban dos peregrinos, os pobres e enfermos que pasaban polo lugar camiño de Compostela.

Ventosa, figura nomeada en diversos documentos históricos, unhas veces como San Gilliao ou Xiao de Ventosa, no ano 1594. San Gilliao de Ventosa no ano 1608, San Xiao de Ventosa, en documento do ano 1617 do arquivo da catedral Compostelán, ou San Gilliao de Bentosa documento do arquivo histórico universitario da USC, do ano 1540.

Nesta Igrexa de Ventosa, conservase case intacta, no seu interior o sartego do abade Lope de Ventosa e os “Baldaquinos”, románicos do 1525 e trasladado en el año 1895, aunque erroneamente se gravara 1985.

Os Baldaquinos que quedan,-catro frontes completos,- exemplo único e dos mais fermosos de Galicia, representan escenas bíblicas, do antigo e novo testamento: A creación, Adán e Eva, a Adoración dos reis magos, a creación do mundo; o pecado orixinal con Eva y Adán, a maza e a serpe e a expulsión do Paraíso, a morte de Abrahám e o comunicado do anxo da súa resurrección, a anunciación do Mesías á Virxe María, a unión de María e Xosé, así como o nacemento de Jesús no portal de Belén e a chegada dos Reis Magos de Oriente, e representacións varias de Santos e anxos.

Tamén se poden contemplar diferentes imaxes pétreas, inicialmente policromadas, procedentes dos capiteis da igrexa e que posiblemente se deban á presenza nestas terras dos cabaleiros templarios, nos séculos XII-XIII.

Remexendo placidamente nosa mirada, a modo, descubre entre todas elas os derradeiros "green men".

Non é casual que estes “green men”,( homes verdes) do bosque, sobreviviran na iconografía desta pequena parroquia rural, que no final da Idade Media, creou -cando xa había aires ben distintos na arte galega- unha especie de derradeiro latexo da representación das crenzas medievais. E nelas, entre a néboas dos novos tempos, aínda asomaban os antigos homes verdes que encheron as fragas imaxinarias de Europa, chegados dende as afastadas terras, posiblemente Nórdicas e Viquingas, xunto coa súa cultura e lendas Celtas.

Na cultura castrexa, estes Green men, coñecidos nas terras da Xermanía como Blattgesicht, e na Galia Francesa como Feuilou, (homes dos bosques, homes da natureza), morrían no Samaín, conmemorado entre o 31 do mes de outubro, e o un de novembro, e resucitaba nas celebracións do Beltaine, o 30 de Abril, ou 1 de Maio, curiosamente no proceso de cristianización de tódolos ritos paganos, estes homes e os seus poderes naturais foron desaparecendo e asimilándose a Santos e ritos relixiosos cristiáns.

Os Green Men, de Ventosa, están esculpidos agochados éntrelas representacións variadas do sartego granítico renacentista do abade Lope, ata oito homes verdes, con representacións diferentes.

Como ven nos da conta nos seus traballos o profesor Alfredo Erias Martínez, a representación dos Homes verdes, na nosa Galiza, viría asociada coa iconografía do Deus celta Cernunnos, e

mesmo podemos atopar un certo paralelismo na expresión coa que son representados, cas imaxes dos defuntos, ou mesmo aparecidos do mais alá, quizabes pola influencia medieval da igrexa na súa labor evanxelizadora e cristianizante contra o paganismo e culturas relixiosas castrexas, sobre todo alí onde a cultura Celta deixou mais fonda impronta nos pobos e permaneceu mais tempo.

Unha cara que vomita ramas e algo que podémolo asociar coa vida, procrear, xerar, revivir, e polo tanto tería que ser forzosamente algo divino, mítico, trátase dun concepto paranormal, que o cristianismo non podía deixar sen asimilar, o mesmo cos castros, nos que se constrúen ermidas e igrexas, as mámoas, petróglifos e enterramentos, nos que se levantan cruceiros e outros elementos propios da cristianización conventual, dos mosteiros e ordenes relixiosas da época.

Aínda que chama a atención, podemos dar por boa, a data de construción e o seu destinatario, o Abade Lope de Ventosa, clérigo que debeu ser en vida un grande estudioso e home culto, xa que os seus restos reposan sobre libros, así como as pinturas do sepulcro que fan referencia ó seu saber e nas que se representa a virxe Maria co corpo de Xesus nos seus brazos e o seu carón as santas Salome, Maria Cleofás e Maria Magdalena, e o evanxelista San Xoan.

Tamen destacan no sepulcro as representacións en pedra de dez dos apóstoles do señor e no alto do arco, un pantócrator central e os apóstoles Pedro e Santiago así como diversos anxos, entre músicos e cantores sagrados.

Estamos diante dun sepulcro sorprendente no que destacan os oitos green men e moitísimo "Puttis"- nenos ou queribunes usados no ornato renacentista ata a saciedade, xunto con animais as veces abusando de mitoloxía, para crear seres fantásticos e irreais e todo o conxunto harmonicamente disposto en torno a importancia da árbore, como fonte de vida, que nace e crece rexenerándose, como forma de culto ás fragas e bosques, tan necesarios como importantes e sagrados na nosa cultura rural coma son os carballos.

Non imos esquecer a importancia real tanto mitolóxica, como relixiosa, como ven sabemos pola Biblia e os Evanxelos, das árbores, polo que non sorprendería a súa continua representación iconoclasta e mesmo a veneración dun xeito ou outro.

Velaí temos os casos das árbores de la Ciencia, del ben e do mal do que comen Adán e Eva, el Edén, como terra paradisíaca con árbores e froitos maravillosos, a zarza ardendo no que Deus dálle as táboas da Lei a Moisés, etc. Os green men deste sepulcro estanse en harmonía total coas demais formas sagradas, na morte e resurrección da vida que sempre volve.

Diversos expertos e estudosos da arte, converxen en destacar que esta figura do devorador, vomitador de vida en forma vexetal procede da man dos artistas do século XI e XII, e que se inspiran nas formas mais antigas da representación divina pero tamén hai autores que apuntan na dirección doutras figuras míticas dos bosques eurasiáticos, baixo cuxa influencia quedaron a arte e cultura Grega e posteriormente o imperio Romano, e que serviría de inspiración a estes artistas do medievo.

Deuses do viño "Baco", ou "Silvano" protector dos campos terían o seus antecedentes no celta Sucellos, deus da agricultura e dos bosques, do sol e a noite, ou mesmo de Sileno, Deus Grego compañeiro de Dionisio, que sería o deus do viño na Grecia clásica e que representaría o tránsito entre a borracheira que produce o viño que faría mais doado a comunicación entre vivos e mortos e a resaca do acordar.

Moi posiblemente a representación deste Deus Baco e os Green men teñan moito paralelismo, ambos vomitan follas, racimos de uva, sarmientos ou ramas verdes, polo que vemos como a mitoloxía resulta adaptada segundo a cultura e o poder dos imperios en cada momento.

Deuses tan naturais como a vida, que morren no inverno e renacen no verdor da primavera nos nosos bosques e celebramos ano a ano nos solsticios, cambios de estacións sen saber porque o facemos. Seres demoníacos que teñen estas caras para nos avisar de que somos mortais e dependemos dos recursos naturais da terra.

Na súa interpretación os homes verdes serían como espíritos da natureza xurdidos nas crenzas paganas animistas e símbolo da dependencia do home co seu entorno e o mundo natural representación da forza vital subxacente e do novo ciclo de crecemento de cada primavera.

Para rematar, non quero deixar de comentar que aínda cos homes verdes sonche normalmente interpretados coma unha forza positiva e benévola da natureza, non sempre foi visto deste xeito. A miúdo, o poder escuro da igrexa máis rancia tratou de infundir as crenzas de que estas representacións trataríanse dunha figura maligna, do Demo e os seus poderes perversos e diabólicos e a súa presenza nos lugares sagrados sería aceptado como recordatorio dos perigos do pecado, o ben e o mal, a loita continua da iconoclastia sagrada e a pagana e o que estarían a facer estes homes verdes malignos sería engulir, tragar en vez de crear natureza e a fertilidade da vida, a morte devoradora, posiblemente velai a orixe da razón de atopalos custodiando o tránsito dos mortos ao máis alá, como neste sartego da nosa Catedral do rural.

Angel Utrera.